

Enquisa

ATLAS DAS AVES

DE GALICIA

2009-2013



Un novo Atlas para Galicia?

Desde a publicación en 1995 do segundo volume do *Atlas de Vertebrados de Galicia*, correspondente ás aves reprodutoras na nosa terra no quinquenio 1980-85 (Consello da Cultura Galega/Sociedade Galega de Historia Natural), non houbo ningún atlas sobre as aves galegas feito desde Galicia. Cubriron este baleiro o *The EBCC Atlas of European Breeding Birds: Their Distribution and Abundance* (Hagemeijer e Blair, 1997), e os dous Atlas estatais promovidos pola Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife), como foron o *Atlas de las Aves de España*, coordinado por Pancho Purroy (1997), e o *Atlas de las Aves Reproductoras en España*, de Ramón Martí e Juan Carlos del Moral (2003). Actualmente se traballa desde SEO/BirdLife no *Atlas de las Aves Invernales de España*, coordinado en Galicia pola Sociedade Galega de Ornitoloxía.

O presente **Atlas das Aves de Galicia 2009-2013** pretende actualizar e ampliar a información cualitativa e cuantitativamente sobre a avifauna do noso país (distribución e estatus), cubrindo por primeira vez o ciclo anual das aves que se presentan en Galicia e non só o período reprodutor ou a invernada, de cada especie galega, con base a mostraxes distribuídas ao longo do ano, e que serán realizadas polos afeccionados ás aves que así o soliciten.

Co presente documento preténdese averiguar cantas persoas están interesadas en colaborar con este Atlas, expoñendo primeiro as liñas mestras do proxecto e logo solicitando aos interesados que cubran unha enquisa onde indicarán, entre outras cousas, o número de grellas que poden cubrir.

Coñece as claves do Atlas en 5 minutos:

Para o presente *Atlas das Aves de Galicia 2009-2013* foron establecidos os seguintes obxectivos:

1. **Coñecer a distribución** das aves de Galicia no territorio da Comunidade Autónoma Galega nun **ciclo anual completo**, tendo presente a distribución das poboacións de:
 - a. aves nidificantes e aquelas presentes período reproductor sen ser nidificantes.
 - b. aves post-reprodutoras ou en paso post-nupcial.
 - c. aves invernantes.
2. Coñecer a **abundancia relativa** das diferentes especies de aves nos períodos mencionados.
3. Debuxar, para aves con dominio vital superior ao tamaño dunha grella UTM 10x10 (por exemplo *Aquila chrysaetos* e *Neophron percnopterus*), o conxunto da **área de distribución** (área de nidificación e área de caza ou “campeo”).
4. Localizar lugares de importancia para a **conservación de especies** concretas de aves en Galicia, en calquera momento do seu ciclo anual.

A planificación é a seguinte:

- a) **Unidade de mostraxe “estándar”:** grella UTM (*Universal Transverse Mercator*) de 10x10 km. O territorio de Galicia abrangue un total de **365 grellas UTM 10x10**, das que se prospectarán **360**.
- b) **Deseño dos tipos de censo a realizar:** cada unha das **360** grellas deste tipo consideradas no *Atlas* será prospectada **un ano determinado** dos considerados neste *Atlas* (2009, 2010, 2011 e 2012), a razón de, aproximadamente, **90 por ano**, escollidas ao azar.

Considérase que un ano comeza o **1 de marzo** desde ano e remata o **28** (ou 29) **de febreiro** do ano seguinte. Así, para este *Atlas* o ano 2009 comezaría o 1 de marzo de 2009 e remataría o 28 de febreiro de 2010. O presente *Atlas* comezaría, en definitiva, o **1 de marzo de 2009** e remataría o **28 de febreiro de 2013**.

- c) **Mostraxes de campo:** os censos a realizar en cada grella denomínanse **censos “20x15” en grellas UTM 10x10**. Son mostraxes idénticas ás ideadas por SEO/BirdLife para o Atlas de las Aves Invernantes de España. Consisten en realizar ao menos **20 percorridos de 15 minutos** dentro dunha UTM 10x10 **en sete momentos (visitas)** dun ano calquera, seguindo este esquema:

Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro
Mín. 3 visitas, separadas 30 días					Mín. 2 visitas, separadas 30 días			Mín. 2 visitas, separadas 30 días			
Período nupcial					Período postnupcial			Período invernal			
(1 de marzo a 31 de xullo)					(1 de agosto a 15 de novembro)			(16 de novembro a 28 de febreiro)			

En cada visita, ademais dos censos **20x15**, faranse prospeccións de **aves nocturnas**, que consistirán en diferentes escoitas de **10 min**, totalizando ao menos **60 min (1 hora) por visita**, en diferentes hábitats favorábeis da cuadrícula.

Precísanse, porén, de ao menos **6 horas** por **cada visita** (20 percorridos por 15 minutos máis 1 hora de prospección de aves nocturnas) para que a cobertura da cuadrícula se considere completa. Buscarase en cada período facer as 6 h nun **mesmo día**, aínda que, sobre todo en

inverno (poucas horas de luz), pódese completar a mostraxe **ao día seguinte** do comezo da mesma, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan semellantes.

Para dar por cuberta unha cuadrícula (de modo satisfactorio), deberán ter sido acumuladas ao menos **42 h** de traballo no ano indicado. No caso de non terse feito unha visita, deberá ser feita no ano seguinte, notificándose ao coodenador/es do Atlas esta circunstancia.

- d) **Peculiaridades:** É importante sinalar que en Galicia existen un total de 72 grellas con algunha porción de mar, nas que se fará un número proporcional de itinerarios á superficie de terra firme. Por exemplo, se unha grella ten mar no 20% da súa superficie, farase un 20% menos de percorridos. Para completar a cobertura destas grellas marítimas, realizaranse estacións de control de aves mariñas de 15 min de duración cada unha, repartidas polo litoral desa grella. Farase un número de estacións proporcional á extensión de mar desa grella.

As grellas UTM 10x10 con algunha parte da súa superficie **fóra** de Galicia e outra parte **dentro**, prospectaranse como as “**marítimas**”, como a se a parte de fóra do territorio galego fose mar, sen realizar, claro está, as estacións de control de aves mariñas.

Serán válidas as prospeccións **complementarias** na mesma data (ou datas), efectuadas antes ou despois dos transectos por terra, que completen a listaxe de aves “mariñas”, sempre que veñan debidamente detalladas (especies, número de aves, actividade, minutos de esforzo, etc.).

Tentarase, en todos os percorridos de 15 min, mostrexar o **maior número de hábitats** posíbeis dentro da UTM 10x10, detallando que hábitats se visitan. A duración da visita aos ambientes da cuadrícula deberá **proporcional** á extensión destes hábitats na grella correspondente (facilitarase información aos colaboradores sobre este aspecto). É moi recomendábel que, nas mostraxes ao longo do ano, se realicen **distintos itinerarios** dentro da mesma UTM, para así cubrir todos os diferentes recunchos da grella e obter unha información máis completa desta.

- e) **Toma de datos:** consistirá grosso modo en anotar a presenza ou ausencia das diferentes especies en cada transecto de 15 min e facer unha estima acotada (número mínimo e máximo de aves), anotando no apartado correspondente:

- Nome da especie
- Número mínimo de exemplares observados nes 15 min
- Número máximo de exemplares observados nes 15 min
- Categoría de cría
- Hábitat principal e secundario

No referente á **categoría de cría**, entre o 1 de marzo e o 31 de xullo deberase detallar se hai evidencias de cría posíbel (**p**), probábel (**P**) ou confirmada (**C**), segundo tablas que se facilitarán aos colaboradores.

Cada transecto de 15 min é **independente** dos outros. Ao finalizar un percorrido de 15 min deberase comezar un **transecto de 15 min novo** e á vez unha **listaxe nova** de especies.


Simultaneamente ás prospeccións para aves, anotaranse tamén os rexistros “colaterais” doutros **vertebrados** (mamíferos, anfibios, réptiles e peixes). Estes datos serán de utilidade para a confección de eventuais Atlas doutros vertebrados terrestres.

Valorarase moi positivamente a recolla de **nomes vernáculos de aves** e outros vertebrados nas aldeas da zona de mostraxe. Ver a metodoloxía (con fichas) en: http://www.sgosgo.org/grupos_traballo1.asp?id_grupos=7.

Tras ler isto, preguntámoste o seguinte (5 cuestións):

1. Entendendo que estás interesado/a en colaborar no Atlas (de aí que cubras esta enquisa):
cantas grellas UTM poderías cubrir ti só? **Resposta:**

2. Olla este mapa e indica, aínda que sexa de modo tentativo, o nome das grellas que
cubrirías: **Resposta:**



(segue...)

3. Aconséllase que as 7 visitas a unha UTM 10x10 se fagan nun só ano. Cres ti que vas precisar de dous anos (en lugar de un) para realizalas ou pola contra podes cumprir sen problemas os prazos indicados? **Resposta:**

4. É posíbel que se pague ata un máximo de 100 E por visita. Podería ser isto un aliciente para que cubras máis grellas, incluso lonxe da túa casa? **Resposta:**

5. Por último, a cantas persoas cres que podes convencer para que fagan unha UTM para este Atlas? Podes dar os seus nomes, e-mail e/ou teléfono? (só para facernos unha idea de quen pode colaborar) **Resposta:**

Se téas calquera comentario ou dúbida que formularnos, faino neste espazo:

Cando o teñas cuberto, mánda este documento como arquivo adxunto nun e-mail a: [atlas\(arroba\)sgosgo.org](mailto:atlas(arroba)sgosgo.org) indicando no “Asunto” a palabra Enquisa.

Bibliografía (mencionada no texto)

Hagemeijer, W. J. M. & Blair, M. J. (eds.). 1997. *The EBCC Atlas of European Breeding Birds: Their Distribution and Abundance*. T&AD Poyser. London.

Martí, R. & Del Moral, J. C. 2003. *Atlas de las Aves Reproductoras en España*. Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife). Madrid.

Purroy, F. J. 1997. *Atlas das Aves de España*. Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife). Madrid.

Sociedade Galega de Historia Natural. 1995. *Atlas de Vertebrados de Galicia*, tomo II: aves. Quinquenio 1980-85. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.